

Vázquez Pintor

Etiquetas: Adrián Rodríguez

29/04/2012 - Adrián Rodríguez

LER a Xosé Vázquez Pintor obriga a utilizar os cinco sentidos, atención sobre o papel, que as letras escapan e non volven, hai que reler para entendelo todo, que ás veces escribe en clave. A eses cinco sentidos hai que engadirlle o da envexa, o gusto polo estilo, o desexo propio de imitación, a certeza persoal e absoluta de que é el, xunto a Luís Rei Núñez, o maior dos nosos escritores. Veño de ler ‘Mar de bronce’, unha vella novela súa, e antes lin ‘A memoria do boi’, dous Everests que non saben de lectura fácil, áxil. Eses montes hai que escalalos paseniño, como un deserto árido no que patear as palabras e paladear as metáforas, desgustalas na boca coma se fosen Beluga. En ‘Mar de bronce’ Vázquez Pintor debuxa o universo de Rilo, que ben podería ser un lugar de Cangas: o poder da conserveira, o seu ocaso, o microcosmos de vila como patio de veciños, o fin da vida, vendo pasar os cadáveres dos amigos e coñecidos, coma quen quita follas dun calendario no que ó final só queda Anxo Ghorospe, ‘Ghalerna’, o fillo de Don Abel. ‘Mar de bronce’ foi publicada hai unha década. Preguntaranse vostedes que que fago eu aquí escribindo unha columna sobre ela. Na propia pregunta está a resposta. Na arte de Vázquez Pintor, xigante real nun océano de supostas obras mestras semanais, un escritor pouco mediático pero monumental. Por iso, claro, escribe libros como monumentos.